

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Vº26 NOVEMBRO 2005



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DÁ A RAZÓN AO CESH

O mércores día 10 de decembro de 2003, o Concello de Bueu publicou no xornal *Diario de Pontevedra* (edición do Morrazo) un anuncio mediante o que convocaba un proceso de selección de persoal, polo sistema de concurso de méritos, para cubrir con carácter temporal prazas no “Centro Social do Mar”. Unha destas prazas era de conserxe e a outra de Educador/a Social.

Ao recibir esta información, dende o CESH solicitamos ao Concello que nos enviasen as bases da convocatoria, xa que estas non foron publicadas en ningún diario oficial. Recibidas na data 15 de decembro as citadas bases, comprobamos que para o acceso á praza de Educador/a Social, que sería responsable da “Posta en funcionamento do Centro Social do Mar”, os aspirantes debían cumprir, entre outros, o seguinte requisito: “Diplomado en E.X.B., Psicólogo, Pedagogo, Psicopedagogo, Educador Social ou Traballador Social.” Dada esta circunstancia, e como sempre facemos nestes casos, dende o CESH interpuxemos un recurso de reposición contra as citadas bases en data 29 de decembro de 2003, no que solicitamos que se declarase que a titulación mínima esixida aos aspirantes fose a diplomatura en Educación Social, así como que se recoñecese o dereito dos/as habilitados/as polo CESH a participar no proceso selectivo.

As bases recurridas lesionan gravemente os intereses da profesión de educador/a social. Por un lado, infravaloran os estudos de educación social, xa que consideran que calquera pode ser educador/a social posuíndo unha diplomatura ou licenciatura; cando o certo é que as funcións do educador/a social só poden ser levadas a cabo por aquelas persoas que teñan unha preparación específica, á cal se accede no ámbito dos estudos de educador/a social. Por outro lado, ao omitir aos/as habilitados/as polo CESH están discriminando a un colectivo que goza das mesmas cualificacións, tanto a nivel teórico como práctico, para o desenvolvemento das actividades requiridas nas bases da convocatoria, como así se dispón na Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia.

Transcorridos seis meses sen que o Concello dictase resolución algunha sobre o recurso de reposición interposto, con data 28 de maio de 2004 a Xunta de Goberno do CESH acorda interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra a desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra as bases de contratación, dada a gravidade do feito de que se poida acceder a unha praza de “Educador/a Social” sen ter a titulación nin habilitación correspondente.

Admitida a trámite a demanda, que foi presentada en data 16 de xullo de 2004, celébrase o xuízo o día 17 de novembro de 2004, comparecendo ambas partes. Sorprendentemente, o recurso contencioso-administrativo foi desestimado, por considerar que, aínda que a denominación do posto fose “Educador/a Social”, nas bases especificábase que a función a desenvolver sería a “Posta en funcionamento do Centro Social do Mar” e que esas funcións “non van dirixidas á atención dos sectores sociais máis desfavorecidos, aos que se dirixe a acción dos Educadores sociais, senón á “dirección e xestión do centro” polo tanto “non se trata no presente caso de ocupar un posto de traballo que implique o exercicio profesional dun Educador Social, senón de desenvolver outras funcións alleas ás propias destes profesionais”.

Por outra banda, considérase que os/as habilitados/as polo CESH “carecen da necesaria formación académica” e que “non se pode poñer en dúbida o poder co que conta a Administración (...) para determinar as titulacións que considere idóneas para o desempeño das funcións asignadas aos corpos e escalas en relación aos cometidos propios dos postos de traballo que se trate de cubrir (...)”.

Fronte esta sentenza, interpúxose un recurso de apelación contra a mesma en data 2 de febreiro de 2005, que finalmente resolveu clarisimamente en favor das nosas demandas, que “a denominación dun posto convocado e a súa coincidencia cunha titulación previamente existente conleva unha vinculación en canto ao traballo a desenvolver pois noutro caso favoreceríanse indesexadas situacións de intrusismo profesional (...)”. Afirmar tamén que “non se deduce tan claramente (...) que non coincidan substancialmente as tarefas a despregar no Centro Social do Mar coas propias de educador social, pois naquel documento faise constar que o Centro Social destinase na súa planta baixa ao emprazamento dos espazos de relación social e na planta alta as dependencias destinadas aos pensionistas e xubilados de Bueu, sendo así que conforme ao anexo do Real Decreto 1420/1991, as ensinanzas conducentes á obtención do título oficial de diplomado en educación social deben orientarse á formación dun educador no campo da educación de adultos, incluídos os da terceira idade (integrados fundamentalmente por xubilados) e á inserción social das persoas desadaptadas (...) así como na acción socioeducativa (que será o que por lóxica fundamentalmente se desenvolverá no Centro Social), o que dá sentido á **esixencia de que o contratado sexa un educador social (...)**”

Por outra parte, os/as habilitados/as polo CESH para exercer como educadores/as sociais no territorio de Galicia, conforme á Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, han de entenderse incluídos na convocatoria, “xa que se teñen dereito a exercer como educadores sociais loxicamente estáselles a recoñecer capacidade e aptitude bastante para participar naqueles procesos aos que poden acudir os titulados cos que se equíparan.”

Como vedes, aínda que lentamente, a Xustiza (e nada menos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, máximo órgano da xudicatura na nosa Comunidade) dá a razón ás nosas demandas; esperemos que isto sirva para que as Administracións públicas recoñezan cada vez máis a nosa profesión.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Recurso de Reposición contra a convocatoria e as bases que rexerán a selección e contratación do persoal especializado do “Punto de Atención á Infancia” do Concello de A Pastoriza, con carácter laboral temporal, publicadas no BOP de Lugo nº 263, de 17 de novembro de 2005, dado que non inclúe aos/as educadores/as sociais entre os titulados que poden acceder á praza.
- ✓ Recurso de Reposición contra as bases para a contratación laboral temporal dun animador/a sociocultural para substituír a unha das animadoras socioculturais do Concello de Lugo, publicadas no taboleiro de anuncios do Concello con data de 3 de novembro de 2005, dado que establece como requisito estar en posesión da diplomatura en Traballo Social ou de Educación Social.
- ✓ Audiencia coa Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Sra. Dona M^a José Pérez Mariño. Acudiron o Secretario do CESG, Jorge A. Piñeiro Grandal, e un vocal, Diego Parajó Naveira, co obxecto de ter unha primeira toma de contacto e para expoñer a necesidade do/a profesional da Educación Social nos centros escolares, especialmente nos IES.
- ✓ Audiencia coa Secretaria Xeral de Igualdade, Sra. Dona M^a do Carme Adán Villamarín. Acudiron a Vicepresidenta do CESG, M^a José Fernández Barreiro, e unha vocal, Laura Cruz Gómez, co obxecto de ter unha primeira toma de contacto e para manifestarlle a problemática existente en centros vinculados á súa Secretaría.
- ✓ Audiencia co Director Xeral de Acción Social, Sr. D. Xosé Bieito Seara. Acudiron a Vicepresidenta do CESG, M^a José Fernández Barreiro, e o coordinador da Área de Formación e Participación colexial, Alfonso Tembrás López. Trátáronse temas vinculados a materias da súa competencia, especialmente a problemática dos profesionais da Educación Social vinculados a Menores e Persoas Maiores.
- ✓ Asistencia do Secretario do CESG, Jorge A. Piñeiro Grandal, en representación do colexio, ás Xornadas: “Da dependencia á autonomía persoal: visión da administración e dos axentes sociais”, organizadas pola Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- ✓ Envío de escrito de posicionamento ao Ministerio de Xustiza ante o Anteproxecto de Lei Orgánica que modificará a Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, en representación do colectivo de Colexios e Asociacións de Educadores e Educadoras Sociais do Estado.
- ✓ Envío de escrito á Dirección Xeral de Tráfico, Subdirección Xeral de Normativa e Recursos, en relación aos cursos de sensibilización e reeducación viaria para titulares dun permiso ou licenza de condución, co obxecto de que se admita aos/as diplomados/as en Educación Social e habilitados/as polo CESG para a docencia dos mesmos, posto que como “Educación de Adultos” constitúe un ámbito propio de actuación.
- ✓ Envío de escritos aos Decanos/as das Facultades de Ciencias da Educación das Universidades Galegas solicitando o nomeamento dun experto co obxecto de crear un Comité de Expertos Universitarios que asesore ao grupo de traballo “Instrumentos de traballo propios da Educación Social” do CESG.
- ✓ Análise das funcións dun “Técnico Social en Peritaxes” como posible ocupación laboral dos/as Educadores/as Sociais, das posibilidades de emitir accións formativas dende o CESG, así como da elaboración dun regulamento interno ao respecto.
- ✓ Contacto con parlamentarios do PSOE: entrega de dossier xustificativo da necesidade de creación do “Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales” do Estado.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- “Boletín Aldizkaria” Nº 122. Outubro 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- “Boletín ESPAÍ SOCIAL”. Nº 2. Outubro 2005. Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de la Comunitat Valenciana.
- “Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil”. Nº 138. Novembro 2005. Xunta de Galicia.
- Revista de Estudos de Juventud. Nº 69. Xuño 2005. *Jóvenes y prisión*. Instituto de la Juventud de España.
- *A convivencia nos centros escolares de Galicia. Cursos 96-97 e 97-98*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia
- Revista “Perfiles. Revista general de política social” Nº 214. Novembro 2005. ONCE.
- Revista “Educar(NOS). Nº 30 II época. Abril/Xuño 2005. Grupo Milani.
- “Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa”. Nº 31. Setembro-Decembro 2005. Monográfico *Perspectiva de género en la acción socioeducativa*. E.U. Pere Tarrés.
- Documentación das xornadas: “Da dependencia á autonomía persoal. Visión da administración e dos axentes sociais.” Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia. (Versión en CD, formato pdf).
- *Previr depende de tí*. Concello de Santiago. Concellaría de UMAD, Benestar Social e Muller.
- *1 de decembro do 2005. Día Mundial da SIDA*. Concello de Santiago. Concellaría de UMAD, Benestar Social e Muller.

ARTIGO DE INTERESE

LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN

Está en marcha unha nova reforma do sistema educativo: a Lei Orgánica de Educación (LOE) está sendo obxecto de polémica por diversos motivos e por iso é un tema de plena actualidade.

En Asedes (Asociación Estatal de Educación Social) creouse unha comisión de seguimento da LOE, dende a cal se elaborou un informe de aportacións ao anteproxecto de lei, que foi enviado aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e ao Ministerio de Educación, en representación de todos os colexios e asociacións profesionais de educadores e educadoras sociais do estado.

No mesmo, preséntase ao educador/a social como un profesional que ten cabida nos equipos de profesionais presentes no sistema educativo, dada a súa formación e competencias. É un profesional que pode dar conta dende o propio centro educativo dos valores democráticos e participación social plantexados no anteproxecto, así como nos temas referentes ao absentismo escolar, á convivencia do centro e á implicación da comunidade, ofrecendo posibilidades de traballo en rede co resto de axentes e recursos.

Neste informe sinálanse concretamente os obxectivos e principios xerais especificados no anteproxecto de lei que son ou poden ser funcións e competencias dos/as educadores/as sociais, que se enmarcan en todos os niveis do sistema educativo.

FORMACIÓN CONTINUA

CURSO DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS, CRECIMENTO E DESENVOLVEMENTO PERSOAL

Organiza: Asociación Comunitaria Distrito Quinto.

Características: Formación dun grupo de aplicadores externos para a posta en marcha dun proxecto educativo de promoción da saúde, educación para a saúde e prevención de drogodependencias.

Lugar: IES Rafael Dieste.

Data de inicio: 12 de decembro.

Horario: 16:30 - 19:30 h.

Nº de horas: 100.

Prazas: 25

Máis información: Asociación Comunitaria Distrito Quinto.

Centro Social de Labañou. A Coruña

Tif.: 981-277092

ascodi@jazzfree.com

II XORNADAS MUNICIPAIS SOBRE DROGAS DE PONTEVEDRA

Organiza: Concello de Pontevedra.

Lugar: Pazo da Cultura de Pontevedra.

Data: 15 de decembro.

Horario: 9:00 - 14:00 e 16:30 a 20:00 h.

Prezo: Gratuito.

Máis información: Concello de Pontevedra. Plan Municipal sobre Drogas de Pontevedra. Área de Benestar Social.

Tif.: 986 851489

plandrogas@concellopontevedra.es

DIPLOMA DE INSERCIÓN LABORAL (A distancia)

Organiza: Universidade de Valencia.

Datas: De xaneiro a decembro de 2006.

Prezo: 525 €.

Máis información: Universidade de Valencia.

formacion@uv.es

PSICOLOXÍA SOCIAL E DINÁMICAS DE GRUPO (A distancia)

Organiza: Instituto de Estudos para a Paz e a Cooperación-IEPC

Datas: de marzo a xuño de 2006.

Prezo: 200 €.

Máis información: Instituto de Estudos para a Paz e a Cooperación-IEPC cursos@universidadabierta.org

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)

Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un desconto do 10% aos/ás colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)

3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)

4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLLEMENTOS** (125 h.) (A distancia)

5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos/ás colexiados/as do CESG.

Información: I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 // Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com // www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Ourense: Resolución pola que se aproba a oferta de emprego público para 2005. Tres prazas de Monitor Auxiliar de Benestar Social; catro prazas de Monitor Auxiliar de Integración; unha praza de Animador Sociocultural; unha praza de Educador de Familia; unha praza de Coordinador da Aula de Natureza; unha praza de Coordinador de Programas de Xuventude; unha praza de Coordinador de Programas Educativos; unha praza de Encargado de Talleres de Formación Ocupacional; unha praza de Mediador Xitano. (BOE de 12 de novembro)

Concello de Galapagar (Madrid): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Coordinador de Servizos Sociais e outra de Educador de Familia. (BOE de 16 de novembro)

Comarca de la Ribera Alta del Ebro (Zaragoza): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador Social. (BOE de 16 de novembro)

Concello de Terradillos (Salamanca): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Animador Sociocultural. (BOE de 16 de novembro)

Concello de Albal (Valencia): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Axente de Desenvolvemento Local. (BOE de 21 de novembro)

OUTROS

Ministerio do Interior: Orde pola que se convocan subvencións para a colaboración na execución e seguimento das medidas alternativas á pena privativa de liberdade e determinados programas de atención social. (BOE de 22 de novembro)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se dá publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes así como de reforzo educativo. (BOE de 23 de novembro)

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE EMPREGO DE



Oferta nº: 952991

Localidade: Ourense

Posto ofertado: Animador/a sociocultural para traballar a tempo parcial. Con dispoñibilidade para traballar as fins de semana. Realizará funcións de animación de festas e grupos.

Oferta xestionada por CIMOEMPREGO

Para contactar: 988 391525 e 902 116039

Oferta nº: 952854

Localidade: Marín (Pontevedra)

Posto ofertado: Monitor/a de educación e tempo libre. Para realizar actividades de animación e xogos de manualidades con nenos, a tempo parcial. Necesario carné de conducir e vehículo propio. Máximo 45 anos.

Oferta xestionada por CIMOEMPREGO

Para contactar: 988 391525 e 902 116039

II PREMIO ABC SOLIDARIO

Convoca: ABC.

Obxecto: A convocatoria estrutúrase en tres modalidades: **Proxecto solidario:** proxectos desenvolvidos por entidades sociais que contén coa participación de estudantes, profesores e/ou persoal docente dunha ou varias universidades españolas, que promovan a solidariedade universitaria e se dedique á atención de persoas desfavorecidas. **Entidade solidaria:** dirixida ao financiamento de actividade correntes de entidades ou asociacións universitarias que fomenten o desenvolvemento de actuacións a favor de persoas desfavorecidas. **Investigación solidaria:** premiará o proxecto de investigación relacionado coa solidariedade, atención a persoas desfavorecidas e/ou á xestión de entidades sen ánimo de lucro.

Contía: Proxecto solidario: 50.000 € a repartir entre os dous mellores proxectos. Entidade solidaria: 30.000 € para un máximo de 10 entidades. Investigación solidaria: 5.000 € para un único proxecto de investigación.

Prazo: 21 de decembro.

Máis información:

www.abcsolidario.com/bases.asp

Subvenciona:

